

Do pasado recente

El IDEAL GALILEO
H-8-13

ENTE ARAGUAS



CARTAS E LEMBRANZAS.
EPISTOLARIO CON
FRANCISCO FERNÁNDEZ
DEL RIEGO. 1959-2007
XOSÉ NEIRA VILAS
Editorial Galaxia, 2013

Non hai outra maneira de saber quen somos, de onde vimos (onde iremos xa é outro cantar, imposible de prever coa que está caendo aí fóra), se non botamos unha ollada no tempo aquel tan precario como as renuncias a todo aquilo que non fose facer patria “for sake of art”. Soamente así pódese entender como a cultura galega deu ultrapasado o “gap” dictatorial que pretendía deitar no esquezo canto cheirase xa non a nacionalismo, tan sequera a diferencialismo, co que viñese marcado co selo da cultura unificadora, ou sexa, oficial. Eis o mérito dos Fernández del Riego, no interior, ou os Neira Vilas, no exilio (e non outra cousa viña sendo aquela marcha forzada dun país que afogaba económica ou espiritualmente a quen o moraban).

Dou estes nomes porque son os de quen protagonizan o libro que hoxe teño diante miña, e que lin nestes días veraniegos, nos que o persoal “comme il faut” anda a remexer, supoño, outra caste de lecturas, tampouco penso máis amenas. Porque *Cartas e lembranzas*.

Epistolario con Francisco Fernández del Riego. 1959-2007 (Editorial Galaxia, 2013), de Xosé Neira Vilas, ten un aquel de novela epistolar, alén do acopio de datos que nos fornecen da actualidade literaria en galego deses anos, sobre todo das décadas dos sesenta-setenta, mais proxectando tamén unha ollada fructífera ao redor do que se gobernaba literariamente en Cuba, residencia como sabemos de Neira Vilas, logo da súa estadía argentina. E ten de novela, digo, no que nos reflicte a través das cartas da figura vitalista de Fernández del Riego (“Salvador Lorenzana”), á capa do libro, que xa non minte, copa e charuto en cada unha das mans máis a imaxe lanzal, elegantemente vestida, do Señor de Gres. E por certo que de Cuba viñan, remesados por Neira, puros habanos para Don Francisco, quen á súa vez nunha das cartas interésase por uns solares propiedade do seu pai en Cuba, e perdidos por desleixo unha vez que triunfa a Revolución. Apenas aludida nas epístolas de Neira Vilas, quen centra os seus intereses na actualidade literaria galega, con mención especial, como é lóxico, para os libros da súa auto-

ría, polos que se mostra moi preocupado na súa premura editora, en contraste co vagar perfeccionista do que fai gala á hora da súa escrita.

Esa reflexión semella curiosa, como chamativa e intelixente a que mostra sobre a literatura infantil. Da que é moi parcial, en paralelo coa parcialidade que tiña a súa compañeira, Anisia Miranda, moitas veces citada no volume. Este complétase con prólogos e apéndices (tamén gráficos) para enriquecer un libro de lectura obrigada para saber o que se cocía aquí (e alá) nos anos de ferro. Como a muller dun dos libros de Neira Vilas. Xoia da nosa cultura. Ata Fernández del Riego.

